XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 8 de febreiro de 2024, polo que se resolve sobre o escrito presentado polo cidadán Don Pedro Álvarez Álvarez polo incumprimento reiterado do disposto no artigo 50 da LOREX por parte do candidato do partido popular Don Javier Arias Fouz.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O día 5 de febreiro don Pedro Álvarez Álvarez, na súa condición de cidadán, presenta escrito pola presunta vulneración do artigo 50 da Lei do Réxime Electoral Xeral (LOREX) (doc. RE 419/2024).

A denuncia refírese ao candidato do Partido Popular en Lugo, Javier Arias Fouz (Nº 2 da lista do PP por Lugo, e ex delegado Territorial de la Xunta en Lugo por mor da eleccións), polo uso sistemático do nome da "Xunta de Galicia" nas redes sociais de "Facebook" e "X" como instrumento de propaganda electoral. A denuncia fundamentase na infracción do artigo 50 da LOREX, nun uso indebido de institucións públicas e na súa reiteración e sistematización, axuntando exemplos concretos nos que se reflicte a utilización inapropiada do nome da "Xunta de Galicia" con fins electorais.

2. O día 6 de febreiro dáse traslado da denuncia (RS 1093/2024) a Don Javier Arias Fouz aos efectos de formular alegacións.

3. O 7 de febreiro de 2024, recíbense as alegacións (doc. RE 443/2014) nas que despois de transcribir o disposto no artigo 50 da LOREX, reprocha a falta de precisión na determinación da infracción cometida.

En relación ao emprego nas súas redes sociais do nome da Xunta de Galicia como propaganda electoral, diferencia entre o suposto denunciado e o uso do mesmo polos poderes públicos, para a continuación explicar cada un dos actos denunciados e subliñar que ningún deles pode ser sancionado posteo que a norma non prohibe que os candidatos de un partido político poidan explicar os logros que se realizaron polo goberno sostido polo mesmo partido político.

Á vista de que antecede, adóptase o seguinte

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

ACORDO

Arquivar a denuncia por unha dobre orde de motivos:

En primeiro lugar, porque o que se denuncia é a vulneración do artigo 50 da LOREX, artigo que determina as limitación e as prohibición dos poderes públicos en período electoral, e a denuncia se dirixe contra o candidato Sr. Javier Arias Fouz que non ostenta, no momento presente, ningún cargo publico.

En segundo lugar, porque os candidatos durante a campaña electoral poderán remitir propaganda electoral a través das súas redes sociais, e do contido das imaxes facilitadas polo denunciante non se aprecia que exista infracción electoral xa que as referencias as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia non provoca confusión nos electores entre a entidade política Partido Popular, pola que concorre a esta contenda electoral o denunciado, e a institución autonómica Xunta de Galicia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 18:30 horas do próximo día 10 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal